

BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

N.º 30 - Xuño de 2019

CONTIDO

CONTIDO	1
CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS	2
CURSOS	2
CONVOCATORIAS	3
CONGRESOS	3
AXENDA	4
NOVAS DO DUVI	6
DESAPRENDENDO A DESIGUALDADE	5
NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (MARZO 2019)	6

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

CURSOS

Posgrao: Especialización en axente e promotor/a de igualdade. [+Info](#)

A Universidad de Alcalá, para reforzar o seu compromiso coa igualdade de xénero, impartirá o próximo curso académico 2019/20 este título propio.

O título proporciona unha formación integral de excelencia: combina unha sólida aprendizaxe teórica cun claro enfoque práctico aplicado.

Novo Obradoiro de autoestima e resolución de conflitos [+Info](#)

Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo.

Os mitos e o feminismo [+Info](#)

Joana Masó, investigadora de ADHUC, coordina o curso «Os mitos e o feminismo. Corpos, sexualidades, democracias» que analizará como o legado feminista transformou a nosa relación co pasado e coa historia. Intervirán María Xosé Agra, Lúa Coderch, Éric Fassin, Lorena Fuster, Chantal Maillard e Joana Masó. Inscripcións a: cursos@cccb.org

Curso de Extensión Universitaria. Vida Sana das mulleres ao longo do seu ciclo vital [+Info](#)

Data inicio e fin: 03/07/2019 a 05/07/2019.

Lugar: Auditorio municipal de Catoira.

Impartido pola Universidade de Vigo (campus Pontevedra).

Femicidio.net [+Info](#)

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

Agora. Espazo de formación feminista [+Info](#)

Cursos en liña. Prazos abertos en outubro e febreiro.

CONVOCATORIAS

Convocatoria de axudas do IUIEG para a organización de congresos e seminarios. (BOUA 6/11/18). [+Info](#)

Prazo da 2.ª convocatoria: ata o 15 de xuño de 2019.

Call for papers: Congreso Internacional BIESES Redes e escritoras na esfera cultural da primeira Idade Moderna (séculos XV - XVIII) [+Info](#)

Data de presentación de propostas: ata o 15 de xullo de 2019.

A Xunta de Galicia convoca o Premio Comunicar en Igualdade 2019 [+Info](#)

Convócase en dúas modalidades: para profesionais do xornalismo e para alumnado universitario.

Ten por obxecto recoñecer traballos de tipo xornalístico que contribúan á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.

As solicitudes deben presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). O prazo de presentación das solicitudes rematará o vindeiro 16 de setembro.

Diversidade e equidade en STEM [+Info](#)

A revista *IEEE-RITA Revista Iberoamericana de Tecnoloxías de Aprendizaxe* solicita artigos para un número monográfico sobre diversidade e igualdade en STEM.

Revista *Investigaciones Feministas* [+Info](#)

Realiza unha chamada para a coordinación do seu seguinte número monográfico (vol. 11, n.º 2, 2020) sobre a seguinte temática: «metodoloxías feministas».

Datas previstas:

· Data de recepción de artigos para o monográfico: 30 de setembro de 2019.

· Data de resolución: maio de 2020

Lectora: revista de dones i textualitat fai un chamamento a contribucións para o dossier número 26, *Decorar o corpo: xemas, xoias e adornos na literatura* [+Info](#)

Data límite: 15 de decembro de 2019.

Este dossier acepta artigos que se aproximen aos debates sobre a cultura das xoias e dos adornos na literatura desde a perspectiva de xénero e a crítica cultural que se deriva, prestando especial atención á evolución histórica desta representación e como se traduce en textos máis contemporáneos.

Signs Special Issue: RAGE [+Info](#)

Journal of Women in Culture and Society convida submissions for a special issue titled "Rage," slated for publication in the summer of 2021.

The deadline for submissions is September 15, 2019. We especially seek contributions from perspectives that have been underrepresented in recent issues and that make strong arguments in clear, accessible language. Please check out the call for papers and circulate it to your colleagues.

CONGRESOS

ADHUC. Seminario «Miradas entrecruzadas: perspectivas sobre debates queer» [+Info](#)

Universidade de Barcelona 4 de xuño 2019.

ADHUC. Coloquio predoutoral [+Info](#)

Escritoras catalás na contemporaneidade.

Universidade de Barcelona, 13 de xuño 2019.

Congreso Internacional «O público e o privado. Xénero, compromiso e transgresión entre o século XIX e o XXI» [+Info](#)

Datas de celebración: do 23 ao 25 de outubro de 2019 na Universidad de Alicante.

Organiza: proxecto de investigación «Xénero, compromiso e transgresión en España, 1890-2016»

(Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades-Fondos FEDER).

II Congreso Internacional «Políticas públicas en defensa de la inclusión, la diversidad y el género» [+Info](#)

Do 15 ao 16 de xullo de 2019 en Salamanca.

Grupo de investigación reconecido. «Políticas Públicas en Defensa de la Inclusión, la Diversidad y el Género de la Universidad de Salamanca».

Baixo o lema «(Re)construíndo o coñecemento» [+Info](#)

A Universidade da Coruña organiza a VI edición da Xornada Universitaria Galega en Xénero que terá lugar o 14 de xuño na Facultade de Dereito.

Seminario permanente de violencia de xénero - Universidade Carlos III de Madrid. Instituto de Estudos de Xénero [+Info](#)

O «Seminario permanente sobre violencia de xénero» ten como obxectivo abrir un espazo de diálogo interdisciplinario que aborde as distintas cuestións que conforman a violencia de xénero para así lograr un mellor coñecemento sobre o tema que nos permita contribuír a unha sociedade sen violencias.

Congreso Internacional «O coidado de dependentes e maiores. Avanzando cara á igualdade de xénero e a xustiza social» [+Info](#)

Do 12 ao 13 de Setembro de 2019 en Tarragona Universitat Rovira i Virgili, Universitat de Barcelona, Conjunt, Institut Tarragonès d' Antropologia e Gender Care.

Seminario «Saúde, mulleres e xénero» [+Info](#)

Xoves, 6 de xuño de 2019, ás 18.30 h. Lugar: Sede Universitaria Cidade de Alacante.

AXENDA

Mes de xuño:

					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

6 de xuño:

II Xornadas abrindo novos camiños contra a violencia de xénero. Na Casa Galega da Cultura. Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo. [+Info](#)

8 e 9 de xuño:

Obradoiros de Cultura Menstrual. La Caravana Roja. Movimiento de Cultura Menstrual en A Coruña. [+Info](#)

1, 7 e 8 de xuño:

XV Xornadas de nais e país, educar en Igualdade: Coeducación e Prevención da Violencia de Xénero desde as familias. Organizadas pola Secretaría Xeral da Igualdade. [+Info](#)

Inscripción en xornadas.igualdade@xunta.gal

- Lugo | 1 de xuño | 10.00 h - 13.30 h
- Pontevedra | 7 de xuño | 17.00 h - 20.30 h
- Ourense | 8 de xuño | 10.00 h - 13.30 h

DESAPRENDENDO A DESIGUALDADE

Premios Egeria 2018 á investigación con perspectiva de xénero

Título	«Persistencia de estereotipos de xénero na elección de ciclos formativos. Caso da familia profesional agraria».
Autora	Noelia García Ferreiro.
Director	Francisco Javier Álvarez Lires.
Obxectivos de investigación	<p>O obxecto de estudo deste traballo consiste na análise da presenza dos estereotipos de xénero na elección de ciclos formativos de familias profesionais, caso da familia agraria tradicionalmente masculinizada.</p> <p>Os resultados reflicten a presenza de estereotipos de xénero, coa asunción dun dobre discurso, unha igualdade manifesta fronte a unha desigualdade latente. A través dos resultados conséntase a necesidade de poñer en práctica programas socio-educativos que permitan romper coas barreiras do xénero e a igualdade de oportunidades formativas.</p>
Resumo achegas de investigación	<p>A vista do recollido, obsérvase a presenza de estereotipos de xénero nos procesos de toma de decisións para cursar formación profesional na familia agraria, tanto nos alumnos como nas alumnas. Ademais, ao analizar a percepción sobre a súa persistencia, en liñas xerais, percíbese un dobre discurso manifestamente máis marcado nos alumnos. Por un lado, existe unha posición formal caracterizada por un discurso vencellado a unha situación de igualdade entre homes e mulleres e, por outro, unha posición latente onde se manifesta a persistencia de ditos estereotipos. Obsérvase tanto pola expresión como pola omisión de estereotipos e situacións de desigualdade existentes na actualidade.</p> <p>Tendo conta que os estereotipos reducen e limitan as posibilidades de desenvolvemento persoal, académico e profesional das persoas, é preciso intervir dende a coeducación na toma de decisións no ámbito académico e profesional, que impliquen unha transformación profunda dos modelos e patróns culturais patriarcais nas institucións educativas.</p> <p>Parece necesario continuar traballando nesta liña de investigación para coñecer en que medida os condicionantes externos que se sinalan están mediados polo xénero. Así, afondarase na relación da agraria e o xénero no contexto dos núcleos rurais galegos e analizaranse as diferenzas no acceso á formación profesional en canto á idade e ao xénero atendendo as cuestións que subxacen a ese feito, como pode ser a conciliación ou as situacións de desvantaxe. En síntese, cómpre desenvolver estudos que aborden os estereotipos de xénero na toma de decisións vocacionais e no acceso desigualitario á formación, dende diversidade de paradigmas, como pode ser a de realizar estudos sobre accións encamiñadas á coeducación na toma de decisións vocacionais para ver a súa incidencia.</p> <p>No que respecta ás limitacións desta investigación, podería ser de interese incrementar a representación e comparar os resultados obtidos con outros en que a situación avaliada sexa a oposta analizando a situación noutras familias profesionais.</p>
Ligazón ao traballo completo	

NOVAS DO DUVI

Unhas xornadas analizarán a necesidade de transformar a xustiza en clave de xénero. Contarán coa participación de especialistas de seis universidades.

[+Info](#)

A organización da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense premia a xornalista Ana Romaní. [+Info](#)

Unha ollada ao «acertado» réxime xurídico contra a publicidade denigrante sobre as mulleres. O catedrático Luis Antonio Velasco falou sobre este tema no campus nunha conferencia celebrada na Facultade de Dereito. [+Info](#)

Unha tese afonda en como a socialización heteronormativa contribúe ao acoso escolar. María Vitoria Carrera analiza os discursos e prácticas da condición de ser outro/a en secundaria. O alumnado masculino e luso é o que acada resultados máis negativos [+Info](#)

No marco do proxecto Lapassion, traballaron con alumnado de diferentes países e titulacións. Estudantes do campus de Pontevedra deseñan proxectos a prol da infancia e das mulleres en Brasil e Uruguai. Desenvolveron aplicacións, un filtro de auga e unha plataforma de inserción laboral [+Info](#)

A institución provincial fixo público o fallo dos III Premios Sofía Novoa Ortiz. A Deputación reconece os traballos de seis tituladas polo seu compromiso coa igualdade. Paula González e Doris Fernandes gañaron os primeiros premios de grao e máster. [+Info](#)

A facultade acolleu unha xornada inserida na campaña de sensibilización do Cofiga. Fisioterapia pon o foco nas situacións de acoso que sofren as e os profesionais. O centro celebrou tamén a súa 21ª mesa de saídas profesionais [+Info](#)

24 alumnas e 12 alumnos acadaron 18 metais nos campionatos de España universitarios. O medalleiro da Universidade de Vigo nos CEU ten nome de muller. As e os deportistas foron recibidos polo reitor [+Info](#)

Filoloxía e Tradución trae a Vigo unha mostra sobre a historia da educación en clave feminina. A exposición, elaborada por alumnado da USC, poderá visitarse ata finais de mes. Son 24 paneis nos que se afonda na historia e na pegada deixada por outras tantas educadoras [+Info](#)

Xunta e universidades galegas colaborarán na prevención e loita contra a violencia de xénero. As institucións académicas desenvolverán medidas previstas no Pacto de Estado. Alfonso Rueda

asinou tres convenios de colaboración cos reitores [+Info](#)

A Universidade de Vigo e o Politécnico de Porto selan a súa colaboración nos ámbitos da docencia, investigación, calidade e boas prácticas. Os representantes das institucións mantiveron un encontro de traballo e asinaron un convenio [+Info](#)

NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (Abril 2019)

BIBLIOTECA BELAS ARTES

Brujas: ¿el estigma o el poder invencible de las mujeres? Chollet, Mona [Barcelona]: Ediciones B-Penguin Random House, 2019 BUV bellas artes

Mujeres en las Artes: Madrid, marzo 2018. Madrid: Consejería de Cultura, Turismo y Deportes, [2018] BEL A.03 Muj

BIBLIOTECA OURENSE

Mujeres sin hogar en Granada : un estudio etnográfico. Escudero Carretero, María José, Granada : Universidad de Granada, 2003

BIBLIOTECA CENTRAL

Delito de acoso sexual. Velázquez Barón, Ángel. Barcelona : Bosch, 2000 BUV Central Depósito: DEP 1818

Igualdad y discriminación. Rodríguez-Piñero, Miguel. Madrid : Tecnos, [1986] BUV Central. Depósito: DEP 1833

El machismo en el derecho: (sociología jurídica de la igualdad) : sentencias 18-4-1995 y 6-7-1995 d Martínez- Calcerrada, Luis. Peligros, Granada : Comares, D.L. 1996 BUV Central. Depósito: DEP 1816

Mujeres en la guerra y en los ejércitos. Madrid : Los Libros de la Catarata, D.L. 2019 BUV Central. 396 MUJ enl

La violencia contra las mujeres en la Antigua Roma. Rodríguez López, Rosalía, autor Madrid : Dykinson, 2018. BUV Central. 34(37) ROD vio

